

MEMORIA DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO EXERCICIO DE 2006

1. INTRODUCCIÓN

O orzamento do Concello de Santiago de Compostela do exercicio de 2006 importa 99.537.930 euros en ingresos e 95.037.930 en gastos, cun superávit inicial de 4,5 millóns de euros.

Nos últimos anos o orzamento de Santiago de Compostela, en valores por habitante, supera con certa claridade aos das restantes cidades galegas. No exercicio 2006, e tendo en conta aos organismos autónomos municipais, os ingresos por habitante en Compostela superan os 1080 euros.

En comparación interanual o orzamento municipal aumenta en algo máis de 9 millóns de euros, logo da contracción do exercicio precedente, debido aos aumentos moderados do conxunto dos ingresos e ao maior volume de actuación de EMUVISSA financiado por cotas de urbanización que circulan polo orzamento municipal.

Unha visión máis precisa obtense se utilizamos o orzamento consolidado, incluíndo tanto organismos autónomos como empresas municipais. As cifras de 2006 sitúanse en 154,45 millóns de euros, en ingresos, con case 40 millóns de euros adicionais sobre o exercicio previo. Este rotundo incremento é responsabilidade de EMUVISSA e, en menor medida, de INCOLSA. As empresas municipais gañan progresivamente espazos de actuación, sobre todo no ámbito urbanístico.

2. CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO ORZAMENTO MUNICIPAL

As principais características do mesmo son:

- Continúa a estratexia de saneamento financeiro que deseñou o Plan de Saneamento Financeiro 2004-2007.

Como nos anos precedentes, para cumprir o PSF precisamos obter un aforro corrente (diferencia entre ingresos e gastos correntes) que, sen ter en conta os ingresos correntes que financian gastos de investimento (cotas de urbanización e alleamento de parcelas) se sitúe no entorno dos 9 millóns de euros. Con ese aforro aténdense as amortizacións dos créditos xa subscritos e xerase un superávit orzamental de 4,5 millóns de euros. A capacidade de endébedamento

destínase a financiar parte do programa de investimentos. Dado que non se eleva a presión fiscal sobre os cidadáns (hai un axuste á baixa do tipo do IBI e unha subida do resto dos tributos en liña coa inflación producida) as previsións de ingresos evólven á alza de xeito suave nos principais ítems. A expectativa de estabilización dos ingresos derivados do ICIO e das taxas por licencia urbanística obriga a unha evolución controlada do gasto corrente para producir os resultados previstos no PSF en termos de aforro corrente, bruto ou neto.

- Faise unha aposta pola mellora dos servizos públicos e de atención aos cidadáns, procurando o equilibrio social e territorial.

A distribución dos gastos por funcións indica o peso da Producción de bens públicos de carácter social (un 36,96%), en lixeiro descenso sobre 2005, e da Protección e Promoción social (un 8,83%). Neste exercicio avanza sobre todo a función de Producción de bens públicos de carácter económico (17,3%), polo peso dos investimentos en urbanización.

Neste ámbito, e entre os gastos de carácter obrigatorio que o concello presta presenta unha mellora moi notable neste exercicio o servizo de parques e xardíns, ao que van destinados algo máis de 2,5 millóns de euros. A resolución do expediente de contratación en marcha permitirá modernizar as condicións de atención aos parques e ampliar o excelente tratamento que os mesmos xa teñen a novas superficies. Tamén se ten renovado a contratación do servizo de transporte urbano de viaxeiros, avanzando na resolución dos conflitos con empresas titulares de concesións interurbanas e preparando a posta en marcha do desexado Plan de Transporte Comarcal na Comarca de Compostela.

O exercicio 2006 será o primeiro no que a Estación de Autobuses será xestionada plenamente por TUSSA, con implicacións para ingresos e gastos municipais; tamén será posta en marcha a Fundación Comarcal para o refuxio de animais, que extenderá o ámbito do servizo aos concellos limítrofes, que participarán na xestión e financiamento do até o de agora servizo municipal.

- As políticas de calidade urbana

? O Plan Xeral de Ordenación Municipal xa foi obxecto de aprobación inicial, estando a piques de completarse o trámite de resolución de alegacións. Durante o exercicio 2006 é previsible a aprobación definitiva do Plan. Prevedemos os gastos necesarios para cerrar esta singular operación, que deseña a Compostela da vindeira década.

- ? O labor de EMUVISSA deberá intensificarse no vindeiro exercicio, actuando nos seguintes polígonos: SUNP 5, 33, 36, 37e 38, SUP 2 de Cornes, SUP 5 de A Choupana, SUNP 1 de Meixonfrío, SUNP 22 de Castro de Abaixo, Polígonos 6-7 de Fontiñas, Peri 7 de Pontepedriña, SUP 6 de Santa Marta, SUNP 11 de O Castiñeiriño, SUNP 14 de Tras Paxonal e SUNP 12 de Lamas de Abade, Plan Especial da Estación de Renfe.
- ? A función de produción de infraestruturas absorbe máis de 16 millóns de euros, experimentando un incremento moi relevante. Retomamos os esforzos dirixidos á reurbanización do conxunto do Ensanche, logo de completar no 2005 intervencións exitosas nalgunhas das súas máis importantes rúas; pero tamén son previstas accións na zona monumental, en coordinación co Consorcio, no barrio de Fontiñas e no conxunto da zona rural.

1. OS INGRESOS

A comparación interanual do volume total de ingresos indica un aumento das previsións iniciais do orde de 9,39 millóns de euros. Varios factores están detrás de este aumento:

- ? A positiva evolución nas das cotas de urbanización que pasan de 3,5 a 7,5 millóns de euros. EMUVISSA será finalmente a destinataria de estos ingresos, que aplicará integramente a desenvolver polígonos de carácter residencial ou industrial.
- ? A mellora das previsións de financiamento procedentes da Administración do Estado ou Autonómica, con 3,3 millóns de euros adicionais.

O Capítulo I, Impostos directos, aumenta nun 3,96%. Todos os impostos ven aumentar as súas previsións. No Imposto sobre Bens Inmóbiles ascenden moi lixeiramente, reflectindo o impacto á baixa da redución de tipos fronte ao deslizamento alcista dos valores catastrais e á ampliación da base física da cidade; as previsións están corrixidas polos axustes no Padrón, que se derivan da nova fórmula de tributación dos inmóbeis de carácter universitario e outros. En IVTM e IAE as previsións son tamén moderadamente optimistas. Experimentan un nido ascenso as previsións do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos, pola normalización das actuacións municipais na materia e a boa marcha das actuacións inspectoras.

O Capítulo II, Impostos indirectos, aumenta un 2,69%. Esta práctica estabilización recolle a incertidume do efecto sobre os ingresos

municipais da evolución no ritmo de execución dalgunha gran infraestrutura da cidade.

O Capítulo III, Taxas e outros ingresos, aumenta un 22,88%. Ao igual que o ano previo, pero con signo diferente, ese fenómeno deriva das previsións de cotas de urbanización (antes citadas) e dos ingresos por aproveitamento urbanístico (que se sitúan en 8,4 millóns). Aínda que o cálculo da previsión de ingresos por este concepto permitiría ser máis optimista, a aplicación do principio de prudencia obriga a unha redución das previsións, polas dificultades experimentadas en 2005 para o alleamento dalgunhas parcelas. Se eliminamos tanto as cotas de urbanización como os ingresos por alleamento de parcelas e nos centramos nos ingresos correntes que financian gastos correntes, as previsións apenas sufren cambios. As partidas máis importantes apenas si varían: mantense sen cambios a previsión de Licencias Urbanísticas, sube apenas 0,26 millóns a previsión de ingresos por taxa de recollida e tratamento de RSU, aumenta en 0,12 millóns a taxa de ocupación de solo, subsolo e saintes (para axústala á recadación de 2005).

O Capítulo IV elévase un 6,95%, en 1,69 millóns de euros. Prevedemos un bon comportamento das transferencias incondicionadas procedentes da Facenda Central, xa comunicadas a este concello; así como do Fondo Galego de Cooperación Local, no que se efectúa unha previsión derivada do forte aumento que esta partida ten nos Orzamentos da Xunta de Galicia. Estimamos ademais que a aportación do Estatuto da Capitalidade acadará os 3 millóns de euros. Non se efectúan previsións sobre os efectos financeiros do Pacto Local, xa cerrado e pendente de sinatura, aínda que é probable que ao longo do exercicio 2006 teña algunha incidencia na actividade municipal.

Este capítulo incorpora tamén outras transferencias relevantes: do Consorcio da Cidade para centros socioculturais, da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial para o Parque de Bombeiros, da Xunta de Galicia para a área de servizos sociais, do Ministerio de Obras Públicas para o transporte urbano.

O capítulo V, Ingresos Patrimoniais, ascende a 0,45 millóns de euros.

O capítulo VII, Transferencias de capital, as previsións iniciais suliñan un aumento moi significativo sobre as cifras de 2005, debido á aportación da Deputación Provincial para o Parque de Bombeiros, as obras incluídas no Plan de Grandes Cidades e o Plan de Obras e Servizos habitual. Ademais, contéplanse as aportacións da Comunidade Autónoma para o Parque de Bombeiros.

Por último, no capítulo IX, Variación de pasivos financeiros, inclúese a previsión dun crédito de 7 millóns de euros para acometer novos investimentos, no marco do Plan de Saneamento Financeiro.

2. OS GASTOS

No capítulo I, Gastos de Persoal, a previsión de incremento é o 4,94%, acadando os 26,83 millóns de euros. Inclúe o conxunto das retribucións do Persoal Funcionario e Laboral e dos membros da Corporación, así como os gastos de Seguridade Social e asistencia médico-farmacéutica dos funcionarios non integrados na Seguridade Social, así como os fondos de acción social e formación. O aumento presupostado é o previsto na lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2005 (2% máis a consolidación da paga extraordinaria -un fondo adicional dun 1%-).

Os cambios máis destacados son os seguintes:

1. No Cadro de Persoal. A Lei de Orzamentos mantén a obriga de limitarse á plena reposición de efectivos, deixando en todo caso á marxe a Policias Municipais e Bombeiros. No noso concello esta esixente norma limita as novas prazas a só catro, unha vez provisionadas as vacantes de policías locais e bombeiros, que se utilizan para:
 - ? Crear unha praza de Técnico de Xestión e Programación Cultural (grupo A), cubrindo un déficit existente nos recursos municipais.
 - ? Cubrir unha vacante na Banda de Música (grupo C).
 - ? Crear unha praza de Técnico de Xestión Catastral (grupo B) para reforzar esa área, que deberá desenvolver novas funcións nos vindeiros exercicios
 - ? Crear unha praza de auxiliar administrativo (grupo D), con destino na área de servizos sociais.
2. Destínanse ao redor de 15.000 euros a facer posible a promoción interna, de prazas dos grupos D e C.
3. Mantéñense as previsións para horas extraordinarias, formación, fondo de acción social así como o as cantidades destinadas ao complemento de produtividade, para facer efectivos os acordos adoptados coa Xunta de Persoal e o Comité de Empresa.

O Capítulo II, Gastos en bens correntes e servicios, experimenta un incremento dun 6,71%, que se desglosa en:

1. No artigo 20 hai unha relevante redución, pola desaparición de obriga de pago do arrendamento da Estación de Autobuses, no marco dunha relación máis ampla coa empresa municipal TUSSA:
2. No artigo 21 prodúcese un significativo incremento, dun 11.59%, para reforzar a capacidade de manter en boas condicións as nosas instalacións e maquinarias.
3. No artigo 22 o incremento é menor (un 7%) e depende de
 - A estabilización das partidas destinadas a Material de Oficina
 - A introducción dunha partida específica para a adquisición de Material Informático non inventariábel, que permitirá unha xestión máis rigurosa.
 - A aplicación do IPC aos créditos destinados aos suministros de exenrxía eléctrica. Pola contra, ampliáanse significativamente os destinados á adquisición de carburantes, e gastos en comunicacións.
 - Redúcense lixeiramente os créditos do concepto 226, que engloban as actividades municipais, de ter en conta o forte incremento do crédito destinado a indemnizacións, derivado dunha sentenza judicial que debe ser cumprida obrigatoriamente no exercicio.
 - Aténdense os contratos vixentes, procurando reflectir no orzamento as melloras de xestión que teñan lugar (limpeza de dependencias municipais, pese a súa extensión). Experimenta de novo un incremento destacable o conxunto dos contratos de Limpeza Viaria e Lixo.
4. No artigo 23 o ascenso é inferior ao IPC.

Se eliminamos o efecto das indemnizacións, de carácter extraordinario, o incremento do conxunto dos gastos do capítulo II sitúase na inflación pasada.

O Capítulo III, Xuros, redúcese de novo significativamente, até os 2,7 millóns de euros, gracias ao mantemento en niveis próximos á taxa de inflación dos tipos de interés nominais e á redución das cantidades previstas para pagamento de intereses a particulares, unha vez afrontados os principais compromisos.

O Capítulo IV, Transferencias Correntes, experimenta un ascenso. até os 6,85 millóns de euros (un 8,3% en termos relativos), debido á evolución das transferencias correntes a empresas privadas, nomeadamente no sector do transporte, así como a familias (pola incorporación de transferencias nominativas en emprego, sobre todo). En Deportes

superan as cantidades previstas para actividade deportiva de base (0,379 millóns de euros) ás dos clubs profesionais (0,35 millóns). Ademais recóllese unha aportación para a Fundación Compostela Deporte.

O Capítulo VI, Investimentos Reais, sitúase en 23,71 millóns de euros. O notable aumento no volume de investimentos en relación co ano precedente débese á positiva evolución dos gastos de EMUVISSA en proxectos de urbanización financiados con cotas. O detalle do Capítulo está recollido no Plan de Investimentos adxunto, no que se detalla tamén o financiamento de cada un dos proxectos.

Os programas de dotación de novas infraestruturas urbanas superan os 15,3 millóns de euros. Destacan

- ? A urbanización dos polígonos de vivenda que xestionará EMUVISSA (7,5 millóns de euros)
- ? A contribución municipal para os programas de dotación de saneamento, abastecemento e distribución de agua (1,576 millóns de euros).
- ? O Plan de Acción Municipal en barrios e rural (5,8 millóns de euros, incluíndo os Plans Provincias, adicados íntegramente á zona rural). Neste exercicio os investimentos priorízanse xustamente nestas áreas, con máis de 3 millóns de euros. Retomamos con forza o programa de reurbanización do Ensanche (1,1 millóns de euros), emprendendo cunha cantidade similar unha potente actuación en As Fontiñas.

O programa de Edificios de uso público acada os 5 millóns de euros, debendo destacarse

- ? A previsión dos créditos para a remodelación do actual edificio de Servizos sociais, que permita destinalo a Gardería. Ademais destínanse fondos para rematar a Ludoteca en Fontiñas así como para equipar as Garderías en fase de construción.
- ? O inicio da rehabilitación dun edificio anexo ao Centro Santiago Apóstolo.
- ? O inicio da reforma do edificio para o Centro Anxel Casal así como o seu equipamento.
- ? O equipamento do Centro de Interpretación Ambiental, rehabilitando a curtidoría existente no extremo do Parque de Belvís.
- ? O inicio da construción da Casa do Asociacionismo, en Cornes, con 0,4 millóns de euros.
- ? A anualidade do Parque de Bombeiros, con 1,2 millóns de euros.

- ? O esforzo en materia deportiva, con 0,6 millóns de euros, que permita iniciar a construción dun pabellón en Labacolla e reformar algúns dos existentes,
- ? As importantes reformas no Centro Socio-Cultural de Figueiras, con 0,35 millóns de euros.
- ? O financiamento dunha actuación no Mercado de Gando , con 0,1 millóns de ruos.
- ? As actuacións habituais en materia de centros educativos e deportivos. Así como outras actuacións en materia de xogos infantís.
- ? A substitución das escaleiras mecánicas na Estación de Autobuses, en colaboración con TUSSA.

Por último, o programa de investimentos en modernización municipal inclúe a dotación de mobiliario para novas oficinas, de vehículos e maquinaria (nomeadamente na área de seguridade cidadán), de sinalización horizontal e vertical, de renovación cartográfica, de equipamento informático e actuacións de renovación de programas.

O Capítulo VII, Transferencias de Capital, redúcese de novo, situándose en 1,998 millóns de euros, incluíndo a aportación ao Consorcio da Cidade de Santiago, con 1,65 millóns de euros, e a habitual aportación a INCOLSA para desenvolver un programa de competitividade turística.

O Capítulo VIII, Variación de Activos financeiros, importa 0,1 millóns de euros.

Por fin, o capítulo IX, Variación de Pasivos financeiros, importa 4,7 millóns de euros para a amortización das operacións de endébedamento a longo prazo existentes.

28 de decembro de 2005

O Concelleiro Delegado de Facenda e Ornamentos

GASTOS	CREDITOS INICIAIS			CAMBIOS		ESTRUCTURA		
	2004	2005	2006	2004 A 2005	2005 A 2006	2004	2005	2006
CAPITULO I	24.838.317,86	25.567.679	26.830.262,88	2,94	4,94	26,34	29,85	28,23
CAPITULO II	23.620.241,13	26.375.204	28.145.639,25	11,66	6,71	25,04	30,80	29,62
CAPITULO III	3.200.000,00	2.985.000	2.700.000,00	-6,72	-9,55	3,39	3,49	2,84
CAPITULO IV	6.521.512,55	6.325.762	6.850.785,96	-3,00	8,30	6,91	7,39	7,21
OPERACIONES CORRENTES	58.180.071,54	61.253.643,87	64.526.688,09	5,28	5,34	61,69	71,52	67,90
CAPITULO VI	27.861.339,03	16.461.273,46	23.712.917,76	-40,92	44,05	29,54	19,22	24,95
CAPITULO VII	4.020.209,00	3.531.309,11	1.998.324,29	-12,16	-43,41	4,26	4,12	2,10
CAPITULO VIII	100.000,00	130.000,00	100.000,00	30,00	-23,08	0,11	0,15	0,11
CAPITULO IX	4.150.000,00	4.270.000,00	4.700.000,00	2,89	10,07	4,40	4,99	4,95
OPERACIONES CAPITAL	36.131.548,03	24.392.582,57	30.511.242,05	-32,49	25,08	38,31	28,48	32,10
TOTAL	94.311.619,57	85.646.226,44	95.037.930,14	-9,19	10,97	100,00	100,00	100,00


INGRESOS	PREVISIONS INICIAIS			CAMBIOS		ESTRUCTURA		
	2004	2005	2006	2004 A 2005	2005 A 2006	2004	2005	2006
CAPITULO I	25.254.000,00	27.165.000	28.240.000,00	7,57	3,96	26,78	31,72	29,71
CAPITULO II	3.150.000,00	3.535.000	3.630.000,00	12,22	2,69	3,34	4,13	3,82
CAPITULO III	30.774.251,44	25.501.002	31.336.208,09	-17,14	22,88	32,63	29,77	32,97
CAPITULO IV	24.259.284,51	24.442.797	26.140.476,47	0,76	6,95	25,72	28,54	27,51
CAPITULO V	830.000,00	454.000	581.000,00	-45,30	27,97	0,88	0,53	0,61
OPERACIONES CORRENTES	84.267.535,95	81.097.798,88	89.927.684,56	-3,76	10,89	89,35	94,69	94,62
CAPITULO VI								
CAPITULO VII	6.444.083,62	948.427,56	2.510.245,58	-85,28	164,67	6,83	1,11	2,64
CAPITULO VIII	100.000,00	100.000,00	100.000,00	0,00	0,00	0,11	0,12	0,11
CAPITULO IX	8.000.000,00	8.000.000,00	7.000.000,00	0,00	-12,50	8,48	9,34	7,37
OPERACIONES CAPITAL	14.544.083,62	9.048.427,56	9.610.245,58	-37,79	6,21	15,42	10,56	10,11
TOTAL	98.811.619,57	90.146.226,44	99.537.930,14	-8,77	10,42	104,77	105,25	104,73

FUNCIONES

GRUPOS DE FUNCIÓN	DENOMINACIÓN	EUROS	%
1	Servicios de carácter xeral	12.923.325,87	13,60
2	Protección civil e seguridade cidadá	9.367.331,14	9,86
3	Seguridade, protección e promoción social	8.393.854,02	8,83
4	Producción de bens públicos de carácter social	35.122.523,98	36,96
5	Producción de bens de carácter económico	16.440.561,29	17,30
6	Regulación económica de carácter xeral	2.352.703,28	2,48
7	Regulación económica de sectores productivos	1.349.847,27	1,42

9	Transferencias Admons. Públicas	1.687.783,29	1,78
0	Débeda pública	7.400.000,00	7,79
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS EUR		95.037.930,14	

FUNCIÓN



ORZAMENTO CONCELLO DE SANTIAGO 2006
ANEXO DE INVESTIMENTOS E TRANSFERENCIAS DE CAPITAL E CADRO DE FINANCIACION

PARTIDA	PLAN DE INVESTIMENTOS	DESCRIPCION PROXECTO	IMPORTE	IMP. PARCIAL
12100,62200	ADMINISTRACION XERAL. EDIFICIOS		750.000,00	
12100,62300	ADMINISTRACION XERAL.MAQUINARIA, INSTALACIONES E UTILLAXE		105.000,00	
12100,62400	ADMINISTRACION XERAL. VEHICULOS		117.000,00	
12100,62500	MOBILIARIO OFICINAS		61.000,00	
12101,62600	EQUIPAMENTO INFORMATICO		645.000,00	
22200,62300	OUTROS INVESTIMENTOS SEGURIDADE		60.000,00	
22201,62300	INVESTIMENTOS TRAFICO E SINALIZACION		250.000,00	
22300,62200	PARQUE BOMBEIROS		1.209.327,70	
32200,62200	EMPREGO.INVERSIONS CONSTRUCCION CERSIAE		100.000,00	
32200,62200	EMPREGO.PROXECTO OBRA OBRADOIRO EMPREGO		6.000,00	
32200,63200	EMPREGO.PROXECTO OBRA OBRADOIRO EMPREGO		6.000,00	
42200,62200	EDUCACION. INVERSIONS EDIFICIOS		624.000,00	
		LUDOTECA		574.000,00
		PROXECTO TRASPARELAMENTO		50.000,00
42200,62300	EQUIPAMENTO GARDERIAS		30.000,00	
42200,62500	EQUIPAMENTO GARDERIAS		30.000,00	
42200,62600	EQUIPAMENTO GARDERIAS		30.000,00	
42200,63200	EDUCACION. INVERSIONS REPOSICION		510.000,00	
		EDIFICIOS EDUCACION		350.000,00
		OBRAS REPOSICION SANTIAGO APOSTOL		160.000,00
43200,60000	EXPROPIACION TERREOS		1.000.000,00	
43200,64001	HONORARIOS PROXECTOS		425.126,13	
		PROXECTOS EQ.MUNICIPAIS.ARQUIVO		30.000,00
		PXOU		75.126,13
		OUTROS INVESTIMENTOS PROXECTOS URBANIZACION		220.000,00
		CARTOGRAFIA		100.000,00
43201,60100	PARQUES E XARDINS		500.000,00	
43400,60100	INVERSIONS ALUMEADO		250.000,00	
44100,62700	SANEAMENTO, ABASTECIMIENTO E DISTRIBUCION DE AUGA		1.576.054,47	
		SANEAMENTO,ABASTECIMIENTO E DISTRIBUCION AUGA		1.250.000,00
		GRANDES CIUDADES. ABASTECIMIENTO		205.871,44
		GRANDES CIUDADES. SANEAMENTO		120.183,03
44200,62300	MEDIO AMBIENTE. MAQUINARIA, INSTALACIONES E UTILLAXE		48.000,00	
		CENTRO INTERPRETACION AMBIENTAL		40.000,00
		CONTENEDORES		8.000,00
45100,62300	EQUIPAMENTO CENTRO ANXEL CASAL		20.000,00	
45100,62500	EQUIPAMENTO CENTRO ANXEL CASAL		20.000,00	
45100,62600	EQUIPAMENTO CENTRO ANXEL CASAL		20.000,00	
45100,63200	INVERSION REPOSICION ANXEL CASAL		100.000,00	
45101,62300	MATERIAL BANDA MUSICA		30.000,00	
45103,62200	CENTROS SOCIO-CULTURALS		350.000,00	
45200,62200	INSTALACIONES DEPORTIVAS		500.000,00	
		INSTALACIONES DEPORTIVAS		400.000,00
		POLIDEPORTIVO LABACOLLA		100.000,00
45200,63200	INSTALACIONES DEPORTIVAS. INVERSION REPOSICION		100.000,00	
45300,60100	CASCO HISTORICO.ACONDICIONAMENTO ESPAZOS PUBLICOS		250.000,00	
46302,62200	CASA DO ASOCIACIONISMO		400.000,00	
46302,62300	RELACIONES VECIÑAIS.MAQUINARIA		20.000,00	
51100,60100	INFRAESTRUCTURAS. OBRAS DE INVERSION		13.317.299,54	
		OBRAS INEM		150.000,00
		GRANDES CIUDADES. URBANIZ RUA TEO		309.465,40

PARTIDA	PLAN DE INVERSIONES	DESCRIPCION PROXECTO	IMPORTE	IMP. PARCIAL
		URBANIZACION BARRIOS E RURAL		2.350.000,00
		URBANIZACION ENSANCHE		1.100.000,00
		URBANIZACION FONTIÑAS		1.100.000,00
		PLANS PROVINCIAIS DEPUTACION		633.682,75
		ACONDICIONAMIENTO ZONA XOGOS INFANTIS		100.000,00
		URBANIZACIÓN-EMUVISSA		7.574.151,39
51300,62200	GRANDES CIDADES. ESTACION AUTOBUSES		153.109,92	
62200,63200	REMODELACION MERCADO GANDO		100.000,00	
TOTAL CAP. VI			23.712.917,76	
75100,74000	PLAN COMPETITIVIDADE TURÍSTICA		345.541,00	
91100,76700	APORTACION AO CONSORCIO		1.652.783,29	
TOTAL CAP. VII			1.998.324,29	
TOTAL			25.711.242,05	

**ORZAMENTO CONCELLO DE SANTIAGO 2006
CONSOLIDACION ORZAMENTARIA**

	INGRESOS						GASTOS	
	CONCELLO	AUDITORIO	INCOLSA	TUSSA	EMUVISSA	TOTAL INGRESOS	CONCELLO	AUDITC
CAPITULO								
1	28.240.000,00					28.240.000,00	26.830.262,88	823.973
2	3.630.000,00					3.630.000,00	28.145.639,25	2.083.9
3	31.336.208,09	153.190,53	163.738,99	1.366.748,49	2.297.558,28	35.317.444,38	2.700.000,00	10.000,0
4	26.140.476,47	647.247,67	320.000,00	117.996,65		27.225.720,79	4.610.523,12	
5	581.000,00	326.439,57				907.439,57		
TOT. OPER. CORR.	89.927.684,56	1.126.877,77	483.738,99	1.484.745,14	2.297.558,28	95.320.604,74	62.286.425,25	2.917.9
6					48.488.893,64	48.488.893,64	16.138.766,37	15.000,0
7	2.510.245,58		1.027.973,60			3.538.219,18	1.652.783,29	
8	100.000,00	10.000,00				110.000,00	100.000,00	10.000,0
9	7.000.000,00					7.000.000,00	4.700.000,00	
TOT. OPER. CAP.	9.610.245,58	10.000,00	1.027.973,60	0	48.488.893,64	59.137.112,82	22.591.549,66	25.000,0
TOT. ORZAMENTO	99.537.930,14	1.136.877,77	1.511.712,59	1.484.745,14	50.786.451,92	154.457.717,56	84.877.974,91	2.942.9